



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita sobre las denuncias hechas públicas sobre la vulneración de derechos laborales y agresiones racistas por parte de la UTE que ejecuta las obras de la conexión ferroviaria con el puerto exterior de A Coruña.**

La semana pasada, la Confederación Intersindical Galega (CIG) denunció públicamente la agresión verbal y física que había sufrido un trabajador en las obras del tren de Punta Langosteira por parte de un operario de una subcontrata. Durante este ataque se profirieron insultos racistas y amenazas con el objetivo de intimidar y denigrar a la víctima. Dada la gravedad de los hechos, se hace necesaria una respuesta enérgica de condena por parte de la UTE - Acceso Puerto Exterior A Coruña y también de ADIF, empresa pública licitadora de las obras, así como la adopción de las medidas que se requieran para evitar que se vuelvan a producir incidentes de discriminación racial y de odio en sus contrataciones.

Si bien la organización sindical puso los hechos en conocimiento de la UTE formada por SACYR Construcción, CAVOSA, Taboada y Ramos y de la contratista TECOSAM, y a pesar de que los hechos se trataron en las distintas reuniones que el comité mantuvo con la dirección de la UTE solicitando acciones contundentes, 20 días después de lo sucedido el agresor continúa desempeñando sus funciones en la obra y coincidiendo a diario con la víctima agredida.

No obstante, la empresa principal mantiene, según denuncia el sindicato, una actitud pasiva injustificable, escudándose en que TECOSAM ha abierto un expediente disciplinario y en que el agresor ya ha pedido disculpas, por lo que no adoptará ninguna medida hasta que la contrata resuelva el expediente, una postura que no es coherente con la teórica «tolerancia cero» al racismo que la UTE dice mantener y promover.

La representación sindical exige la adopción de medidas que eviten el contacto directo entre ambas personas y que impidan que las agresiones puedan repetirse, en aras de garantizar un entorno laboral seguro en el que se respeten por igual los derechos y la dignidad de todos los



trabajadores y trabajadoras.

Los hechos ocurrieron en una obra pública que se ejecuta bajo la supervisión del Gobierno del Estado a través del Ministerio de Transportes y ADIF, por lo que también corresponde a esta administración garantizar que las condiciones de trabajo sean seguras y estén libres de agresiones racistas y xenófobas. Debe garantizar, ya sea en calidad de licitador o a través de la inspección de trabajo, que las empresas adopten las medidas pertinentes para evitar que sigan produciéndose ataques por motivos racistas y para luchar contra todo tipo de discriminación y desigualdades.

La empresa a cargo de la ejecución de la obra también mantuvo este mismo comportamiento pasivo respecto de otras reclamaciones de los trabajadores, que se comunicaron en distintas ocasiones a lo largo del desarrollo de los trabajos. La representación sindical ha planteado la necesidad de mejorar las condiciones en materia de seguridad y salud, disfrute de vacaciones, pago de salarios y retenciones... sin embargo, la empresa, la empresa no está abordando estas cuestiones. Una situación de negligencia a la que ahora se suma la inacción ante una clara agresión xenófoba.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno, a través del Ministerio de Transportes y de ADIF, como administraciones responsables y supervisoras de las citadas obras, de la agresión racista y xenófoba denunciada por la CIG?
2. ¿En caso afirmativo, se ha llevado a cabo alguna actuación para investigar las medidas adoptadas en relación con la investigación y sanción de los hechos denunciados, así como para evitar que se vuelva a producir en el futuro?
3. ¿Ha efectuado la Inspección de Trabajo alguna actuación en relación con este o cualquier otro caso o denuncia en estas obras? ¿De ser así, cuáles?
4. ¿Tienen conocimiento de las demás infracciones denunciadas desde la representación sindical de los trabajadores y trabajadoras de la UTE y la contratista?



5. ¿Tienen conocimiento de que existen irregularidades en relación con el pago del salario pactado a todo el personal, produciéndose descuentos arbitrarios, una aplicación incorrecta de retenciones del IRPF y del reconocimiento del derecho a disfrutar de las vacaciones anuales sin reducción de salario e, incluso, la adopción de represalias contra miembros del Comité y personal que presentan reclamaciones respecto de los derechos laborales?

6. ¿Han iniciado o van a iniciar alguna gestión para garantizar que se respeten los derechos de los trabajadores y las trabajadoras en las obras de la conexión ferroviaria al puerto exterior de A Coruña?

Madrid, a 5 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 MAY. 2025 12:25:34

Entrada **67188**

Sobre a vulneracion de dereitos laborais nas obras da conexión co porto exterior

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas as denuncias feitas públicas sobre a vulneración de dereitos laborais e agresións racistas por parte da UTE que executa as obras da conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña.**

Na pasada semana a Confederación Intersindical Galega (CIG) denunciaba publicamente a agresión verbal e física sufrida por un traballador das obras do tren a Punta Langosteira por parte dun operario dunha subcontrata. Durante esta agresión foron proferidos insultos racistas e ameazas co obxectivo de intimidar e denigrar á vítima. Ante a gravidade dos feitos, é preciso unha actuación contundente de condena por parte da UTE - Acceso Porto Exterior A Coruña e tamén de ADIF, empresa pública licitadora das obras, e a adopción das medidas precisas para evitar que se volvan produzan discriminacións raciais e incidentes de odio nas súas contratas.

Aínda que a organización sindical puxo os feitos en coñecemento da UTE formada por SACYR Construción, CAVOSA, Taboada y Ramos e da contratada TECOZAM, e que foi tratado nas distintas reunións que o comité mantivo coa dirección da UTE pedindo unha actuación contundente, pasados xa 20 días do suceso, o agresor continúa desenvolvendo as súas funcións nas obras e coincidindo diariamente coa vítima agredida.

Porén, a empresa principal mantén, segundo denuncia o sindicato, unha inxustificábel actitude pasiva, escudándose en que TECOZAM ten aberto un expediente disciplinario e que o agresor xa pediu desculpas, polo que non adoptará ningunha medida até que a contrata resolva o expediente, posición

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 MAY. 2025 12:25:34

Entrada **67188**



que non é consecuente coa teórica “tolerancia cero” co racismo que di manter e promover a UTE.

A representación sindical reclama a adopción de medidas que impidan o contacto directo entre as dúas persoas e que se poidan repetir os ataques, para garantir así un entorno laboral seguro e no que se respectan os dereitos e a dignidade de todos as traballadoras e traballadores por igual.

Os feitos sucederon nunha obra pública executada baixo a supervisión do Goberno do Estado a través do Ministerio de Transporte e ADIF, por tanto, tamén corresponde a esta administración asegurar que as condicións de traballos son seguras e libres de agresións racistas e xenófobas. Debe asegurar, ben como licitadora, ben a través da inspección de traballo, que as empresas adopten as medidas oportunas para impedir que sigan a producirse ataques por motivos racistas, a loitar contra todo tipo de discriminacións e desigualdades.

Esta mesma actitude pasiva mantena tamén a empresa executante das obras en relación a outras reclamacións dos traballadores e que foron trasladadas en distintas ocasións ao largo do desenvolvemento dos traballos. Así, formulouse desde a representación sindical a necesidade de mellorar as condicións en materia de seguridade e saúde, sobre o goce de vacacións, o pagamento dos salarios e retencións... porén, todas estas cuestións non están sendo atendidas por parte da empresa. Situación de desleixo á que agora se suma a inacción ante unha clara agresión xenófoba.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Goberno, a través do Ministerio de Transportes e de ADIF, como administracións responsábeis e supervisoras das citadas obras, a agresión racista e xenófoba denunciada pola CIG?
2. De ser así, ten realizado algunha acción para interesarse polas medidas adoptadas en relación á investigación e sanción dos feitos denunciados así como para evitar a súa futura reprodución



3. Ten realizado algunha actuación en relación a este ou outro caso ou denuncia nestas obras a Inspección de Traballo? De ser así, cales?
4. Ten coñecemento do resto de infraccións denunciadas desde a representación sindical dos traballadores e traballadoras da UTE e da contrata?
5. Sabe que se producen irregularidades en relación ao abono do salario pactado a todo o persoal, producíndose descontos arbitrarios, a incorrecta aplicación das retencións do IRPF, o recoñecemento do dereito de gozar das vacacións anuais sen merma salarial e, mesmo, adopción de represalias contra os membros do Comité e persoal que presenta reclamacións para o respecto dos dereitos laborais?
6. Iniciou ou vai iniciar algunha xestión para asegurar que se respecten os dereitos das e dos traballadores nas obras da conexión ferroviaria ao porto exterior da Coruña?

Madrid, a 5 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso